

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATRO DE AGOSTO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

Secretaría accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e quince minutos do día catro de agosto de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e oito de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares


2.1.- Instancia num. 1.335/09 de dona Margarita Devesa Cardelle

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun alboio no lugar de Pousada de Arriba - Vedra, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) segundo o PXOM, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García, cun orzamento de 9.688,90 euros

Dáse conta asimesmo da Resolución favorable da autorización autonómica emitida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (expediente T.E. 011/2007).

O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate e antes do inicio deberá presentar oficio de dirección e nomeamento do coordinador de seguridade visados polos colexios profesionais correspondentes.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e ás condicións da autori-



zación autonómica; a carpintería exterior de aluminio irá lacada nas cores tradicionais da zona, a edificación recuarase un mínimo de 5,00 mts de calquera linde da parcela; deberase colocar un rótulo indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza de aplicación; destino da construción; data e número de expediente de licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas. Este rótulo axustarase ó modelo aprobado polo concello

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos cincuenta e tres euros con setenta e oito céntimos (#253,78#)

2.2.- Instancia num. 1.313/09 de don José Camino Otero

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella nunha superficie aproximada de 72 m2, situada en Trobe, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.


A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e catro euros con oitenta e dous céntimos (#54,82#)

2.3.- Instancia num. 1.336/09 de don Manuel Sobredo Rosende

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 64 m2, consistente no cambio do tellado, colocando uralita e tella e cambio de fiestras, situada en Quintáns -San Xián en solo urbanizable delimitado (SUD-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons, non permitíndose a apertura de novos ocos en cuberta ou fachada; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e as carpinterías serán de madeira ou de aluminio lacado nas cores tradicionais. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que



se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros con corenta e oito céntimos (#60,48#)

2.4.- Instancia num. 1.883/09 da Comunidade de Propietarios de panteóns de San Xián de Sales

Dáse conta da citada instancia na que don Elias Vigo Otero, en representación da Comunidade de Propietarios de panteóns de San Xián de Sales, solicita licenza para o acondicionamento dos panteóns do cemiterio parroquial de San Xián de Sales, segundo o proxecto de reforma do cemitero redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco

Dáse conta asimesmo da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construíranse de acordo co proxecto presnetado; a cobertura vexetal dos nichos que formen percorridos peonís será tupida, continua e de carácter permanente cunha altura mínima de 50 cm, de xeito que sexa moi improbable o achegamento e caída dende a beira libre dos nichos. De non cumprir con estas características deberá construírse unha barreira segundo CTE DB-SU 3.2; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde


Asimesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

3.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de xullo do ano que andamos, pola que se acorda designar como membros da Mesa de Selección para a contratación de cinco prazas de peón especialista de brigada verde-servizos varios, incluídas nos programas de cooperación da Xunta cos concellos, ós seguintes Sres/sras: Victoria Negrín Blanco (Presidente); Begoña I. Beis Gómez (vogal 1ª); Mª. Cruz Vilas Gidanes (2ª vogal); José I. Munín Castelao (Vogal 3ª); Juan Jesús de la Fuente Torres (vogal suplente) e Mercedes Pereiras Caldelas (secretaría)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xullo do ano que andamos, pola que se acorda designar como membros da Mesa de Selección para a contratación de seis prazas de peón especialista de protección civil, incluídas nos programas de cooperación da Xunta cos concellos, ós seguintes Sres/sras: Victoria Negrín Blanco (Presidente); Begoña I. Beis Gómez (vogal 1ª); Mª. Cruz Vilas Gidanes (2ª vogal); José I. Munín Castelao (Vogal 3ª); Juan Jesús de la Fuente Torres (vogal suplente) e Mercedes Pereiras Caldelas (secretaría)



A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xullo do ano que andamos, pola que se delega no 1º Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias López, a asistencia, sinatura e xestión dos asuntos relativos á sesión da Fundación Refuxio de Animais a celebrar o día vinte e oito de xullo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xullo do ano que andamos, pola que en función do establecido na base sexta das bases reguladoras de concesión de subvencións para actividades deportivas, désígnanse como membros da Comisión Avaliadora ós seguintes sres/sras: José Antonio Sánchez de la Fuente (Presidente); Lucía González Louro (concelleira); Xosefina R. Guitián Lema (concelleira da oposición); Miriam Fernández Neira (técnico); Silvia Couto Rendo (experta) e Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición de legalidade por obras levadas a cabo por don Gerardo M. Albela Lema en San Gregorio -San Mamede, consistentes na construción dun alboio sen dispoñer da preceptiva licenza municipal, acórdase o arquivo do mesmo ó terse repostado a legalidade urbanística vixente

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas no proceso de selección ordénase a contratación como peón especialista de servizos varios ós seguintes candidatos: David Rivas de la Iglesia; Paula Navaza López; Adela Fontela Rios, e formalizar os contratos con data 01/08/2009 e cunha duración de seis meses

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas no proceso de selección ordénase a contratación como peón especialista de xardinería e servizos ós seguintes candidatos: Olga Iglesias Peiteado e Juan Rendo Álvarez, e formalizar os contratos con data 01/08/2009 e cunha duración de seis meses

A Xunta de Goberno dáse por enterada

3.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas no proceso de selección ordénase a contratación como peón de protección civil ós seguintes candidatos: Domingo Sánchez-Guisande Rubianes; Eva Torres Mariño; Juan Carlos Alonso Nodar; Alfonso Novoa Lareo ; Belén Castro Pereiras e Gerardo Pájaro Gómez, e formalizar os contratos con data 01/08/2009 e cunha duración de seis meses

A Xunta de Goberno dáse por enterada.

4º.- Outros asuntos



4.1.- Aceptación de subvencions á agrupación de voluntarios de protección civil

Dáse conta da Comunicación da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, relativa á concesión, ó abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se regulan as subvencions ás agrupacións de voluntarios de protección civil, dunha subvención por importe de mil cincocentos euros (#1.500,00#)

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e demais requisitos establecidos na citada orde.

Conclúe ó fio das catorce horas e dez minutos

